*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

*II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.*

*Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.*

*Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. Monte da Mina, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.*

*III.- Que a entidade A.V.C.D "Monte da Mina" de Castrelos", de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:*

- A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir.*
- A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*

- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

*IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.*

*V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre os meses de xaneiro a outubro de 2014, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.*

*VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 9.000 €.*

*VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre os meses de xaneiro a outubro de 2014, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:*

<i>ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (xaneiro-outubro)</i>	
<i>Luz</i>	<i>390,00 €</i>
<i>Auga</i>	<i>75,00 €</i>
<i>Combustible de calefacción</i>	<i>336,00 €</i>
<i>Teléfono</i>	<i>82,00 €</i>
<i>Gastos de administración</i>	<i>390,00 €</i>
<i>IBI</i>	<i>11.500,00 €</i>

TOTAL	12.773,00 €
-------	-------------

VIII.- Que a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade "A.V.C.D. Monte da Mina de Castrelos" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

##### Planta 1ª

Local	Medidas	Superficie
Sala de lecturas	14,60 x 7,40	108,04 m <sup>2</sup>
Sala de xuntas	5,45 x 5,80	31,61 m <sup>2</sup>

##### Primeiro soto

Local	Medidas	Superficie
Núm. 1	9,60 x 5,60	53,76 m <sup>2</sup>
Núm. 2	2,20 x 5,60	12,32 m <sup>2</sup>
Núm. 3	6,00 x 8,10	48,60 m <sup>2</sup>
Núm. 4	2,90 x 6,38	18,49 m <sup>2</sup>
Núm. 5	6,00 x 6,65	39,90 m <sup>2</sup>
Núm. 6	9,00 x 3,60	32,40 m <sup>2</sup>
Núm. 7	6,10 x 5,40	32,94 m <sup>2</sup>
Núm. 11	5,35 x 4,30	22,90 m <sup>2</sup>

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociación.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.
3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.

4. *Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de xaneiro a outubro de 2014, conforme a proxecto achegado.*
5. *Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.*
6. *Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.*
7. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*
8. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.*
9. *Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
10. *Darles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.*
11. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.*

*2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 9.000 € (nove mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada "Convenio Asociación Monte da Mina", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades programados e a realizar entre xaneiro e outubro de 2014, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.*

*Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz, combustible...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...*

*2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.*

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

*1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

*2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

*3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.

Oitavo.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
  - O concelleiro de Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia.
  - O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá.
2. Representantes do A.V.C.D. "Monte da Mina":
  - Presidente da asociación.
  - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.
3. Viveiro de Asociacións:

- *Un representante de cada unha das asociacións participantes.*

*Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase po la A.V.C.D. "Monte da Mina" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.*

*A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:*

*a) Solicitude de abono da subvención.*

*b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento*

*c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

*A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.*

*d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- *os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o*

*control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención*

- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.*
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.*
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).*
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.*
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.*
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.*
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarase fotocopia do contrato de traballo.*
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE*
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria*
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.*
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*

– cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) no caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG

i) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 5073 09 3040002195 (Novagalicia Banco)

Décimo primeiro.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.



*Será requisito necesario que a entidade acredite non incorrer en ningún dos supostos do art. 31.6 LSG.*

*De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. "Monte da Mina".*

*Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.*

*Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (luz, auga, teléfono), admítese unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.*

*Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Décimo noveno.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.*

## **11(764).- PROXECTO DE CONVENIO COA FUNDACIÓN IGUALARTE PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES. EXPTE. 6581/320**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27/06, da técnica de xestión, conformado polo xefe do servizo e polos concelleiros de área e concelleiro de Facenda; vistos os informes xurídico do 04/07 e de Intervención do 08/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890012, denominada “Convenio Fundación Igual Arte”, incluída no vixente orzamento municipal (2014), a favor da entidade Fundación Igual Arte.

Segundo.- APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Igual Arte (CIF.- G-36427524), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer de seu local social entre os meses de xaneiro a outubro, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 15.000 € (quinze mil euros).

Terceiro.- NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a

dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN IGUAL ARTE PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL, ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIO PARA O SEU DESENVOLVEMENTO”*

*En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Cristina Lago Pérez, con DNI 36143539M, en calidade de Presidenta da Fundación Igual Arte (CIF: 36427524), con domicilio social Rúa Casiano Martínez, nº 32- baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6581/320.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### *MANIFESTAN*

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie*

de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación especial, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito da integración (laboral, social, educativa, familiar...) das persoas con discapacidade, sendo a Fundación Igual Arte unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 6 dos seus Estatutos, a entidade "Fundación Igual Arte", ten, en xeral, por obxecto, a promoción, desenvolvemento, protección, participación, fomento de actividades sociais, culturais, educativas, musicais de expresión, danza, teatro, plástica e arte para todos, contemplando entre os seus fins concretos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Potenciar o benestar persoal das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Incrementar o sentimento de autoestima e autonomía das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Crear un espacio activo integrador, fomentando actividades lúdico artísticas que melloren o tempo libre e ocio das persoas con minusvalías e necesidades educativas especiais.
- ✓ Favorecer a capacidade de interrelación descubriendo outras canles de comunicación para estas persoas.
- ✓ Concienciar a sociedade das posibilidades artísticas das persoas con minusvalías.
- ✓ O inicio dunha liña de investigación na que se desenvolvan métodos e adaptacións curriculares para persoas con necesidades educativas especiais.
- ✓ Desenvolver vehículos de comunicación potenciando a interrelación familiar.
- ✓ Implicación da familia na filosofía e proxecto da Fundación.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "Fundación Igual Arte" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 851/03 no epígrafe 2.7.2.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Fundación Igual Arte leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación Igual Arte".

VII.- As actividades programadas pola Fundación Igual Arte para o 2013, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, nº 32- baixo son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

Bloque artístico	- Programa de educación musical - Programa de expresión corporal - Programa de expresión plástica creativa
<i>Bloque académico: traballo das matemáticas e da linguaxe de maneira funcional</i>	
Bloque deportivo	- mantemento físico (movemento, elasticidade...) - deporte en equipo: fútbol baloncesto, judo...
<i>Bloque de axuste persoal: asistencia psicolóxica</i>	
<i>Bloque de monográficos: obradoiros, teatro, lingua de signos, radio</i>	
Outras	- Festa de Nadal - Festa do Entroido - Excursión anual para maiores e rapaces - Saídas trimestrais - Festa de fin de curso

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da fundación, mediante o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, entre os meses de xaneiro a outubro de 2014, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é de 15.000 € (quinze mil euros).

ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (xaneiro- outubro 2014)	
Arrendamento local	15.000,00 €
Aprovisionamento: material oficina, produtos limpeza	850,00 €
Traballos realizados por outras empresas: comedor, psicolóxico, transporte	22.800,00 €
Outros arrendamentos	4.050,00 €
Reparación e conservación: local e vehículos	1.700,00 €
Primas seguros	2.850,00 €
Subministros	4.000,00 €
Soldos e salarios	63.000,00 €
Seguridade Social	20.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>134.250,00 €</b>

IX.- Que a entidade Fundación Igual Arte non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade

*Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.*

*X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, asistencial... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Fundación Igual Arte, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socioeducativo e lúdico-formativo, dirixidas á potenciar o benestar e a integración de persoas con minusvalías e necesidades especiais, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade Fundación Igual Arte comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:*

- 1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.*
- 2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.*
- 3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.*
- 6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.*
- 7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.*
- 8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

- 1. Conceder directamente á entidade "Fundación Igual Arte" unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890012, denominada "Convenio Fundación Igual Arte", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de xaneiro a outubro de 2014, situado na Rúa Casiano Martínez, 32- baixo, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.*

2. Respetar a estrutura organizativa da "Fundación Igual Arte".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e

locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Fundación Igual Arte mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterà a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificárase con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:



- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarse fotocopia do contrato de traballo
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria

- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0560 90 3040004695 (novagalicia Banco).

Décimo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

*Xustificarse o gasto polo concepto e importe solicitado: o gasto subvencionado ten carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio;*

as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

*Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.”*

**12(765).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN OPERARIO-PEÓN POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 25127/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 18/06, conformado polo concelleiro-delegado; visto o informe de Intervención do 04/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionario interino por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, como operario/a peón a D. ELIGIO MANUEL FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI 35.310.546-A, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de axudantes de oficios, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, da acta do Órgano de Selección de data 26 de decembro de 2011 e co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 158 -Operario-peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza (cód. 252)”.

Terceiro.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,15 horas-, coa excepción do periodo comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,30 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Cuarto.- Modifica-la redacción dos apartados TERCEIRO e CUARTO do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/06/2014, que pasarán a contar coa seguinte redacción:

Quinto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos

termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos 234-oficial xardineiro/a e, 158-operario-a/peón, sendo adscritos/as ao Servizo de Limpeza (cód. 252)”.

Sexto.- A xornada laboral dos traballadores/as nomeados/as, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –06,45 a 14,15 horas-, coa excepción do periodo comprendido entre o 1 de xuño e o 31 de agosto, no que a xornada será de 06,00 a 13,30 horas. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Sétimo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**13(766).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS, GRAN GALA DÍA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 25356/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27/06, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado; visto o informe de Intervención do 07/07, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da celebración do Día da Policía Local o pasado 23/05/2014, aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación seguinte, por unha cantidade total de 1.066,50 €, con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**14(767).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 171/2014, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO, NOS AUTOS 578/2011, EN MATERIA DE CANTIDADES SEGUIDO A INSTANCIA DE D<sup>a</sup> VANESA VILA PEREIRA. EXPTE. 25444/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 08/07, da xefa de negociado, conformado, pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado; visto o informe de Intervención do 14/07.

Primeiro.- Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 328/2012 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 1, no procedemento 578/2011, e proceder ao cumprimento da execución 171/2014, nos autos seguidos a instancia de D<sup>a</sup> Vanesa Vila Pereira (DNI 36145833-E) de recoñecemento de diferencias salarias do período comprendido entre 01/05/2010 a 31/07/2011, por importe de 18.527,11 € de principal, 1.852,71 € de intereses e 300 € de honorarios letrado impugnante

Segundo.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo do traballador (1.176,47 €) e IRPF (2.779,07 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274, debendo indicar en concepto: expte. 3626 0000 64 017114: 16.724,28 € (14.571,57 € - 1.852,71 € - 300 €).

Terceiro.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo periodo de 01/05/10 a 31/07/2011.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Prom. Económica, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.

## **15(768).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL.**

### **A) AUTORIZACIÓN DE GRATIFICACIÓN POR EXCESO DE XORNADA PARQUE MÓBIL-3º TRIMESTRE 2014. EXPTE. 25397/220.**

Dáse conta da seguinte Resolución do 03/07/14, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Parque Móbil, que seguidamente se indica:*

1. Antonio Gil González (nº persoal 12753),
2. Ángel Alonso González (nº persoal 80679),
3. Francisco Javier Agulla Amorín (nº persoal 78822),
4. David Graña Feijoó (nº persoal 82143),
5. Jesús Carballo Magariños (nº persoal 80659),
6. José Riveiro Rodríguez (nº persoal 9159),
7. Emilio Martínez Bastos (nº persoal 23260).
8. Juan Martínez García (nº persoal 81986)
9. Jose Luis Romero Cobas (nº persoal 14723)

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 227 horas estimado a realizar durante os meses de xullo, agosto, setembro de 2014, nos termos dos escritos asinados polo xefe da Área de Fomento en data 17/06/2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do*

24/06/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

## **B) AUTORIZACIÓN DE GRATIFICACIÓN POR EXCESO XORNADA TALLER VÍAS E OBRAS (XULLO-AGOSTO-SETEMBRO 2014). EXPTE. 25366/220.**

Dáse conta da seguinte Resolución do 03/07/14, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Taller de Vías e Obras, Parque Central de servizos e parque mobil, que seguidamente se indica:

N.I.P. 13669	Capataz	José Manuel Martínez González
N.I.P. 13681	Capataz	Federico Rodríguez Prieto
N.I.P. 17348	Capataz	Roberto Mariño Sanromán
N.I.P. 78823	Axudante de oficios	José Luis Amoedo Cabaleiro
N.I.P. 13787	Oficial fontaneiro	Daniel Domínguez Alonso
N.I.P. 17779	Oficial fontaneiro	José Luís Vázquez de Francisco
N.I.P. 13480	Xefe de equipo	José Fernando Alonso Correa
N.I.P. 80395	Axudante de oficios	Lucía Portomeñe Correia
N.I.P. 79148	Oficial carpinteiro	Miguel Angel Fernández González
N.I.P. 77221	Oficial carpinteiro	José Carlos Castro Regueira
N.I.P. 17360	Oficial pavimentador	Jesus Bastos Román
N.I.P. 76566	Oficial pavimentador	Juan Ramón López Rivera
N.I.P. 17408	Oficial pavimentador	Rodrigo Rodríguez Rocha
N.I.P. 17390	Oficial pavimentador	Miguel Angel Alonso Cué
N.I.P. 81662	Oficial pavimentador	Delio González Barros
N.I.P. 80672	Oficial pavimentador	José Manuel Martínez Barreiro
N.I.P. 79133	Xefe de equipo	Primitivo Calles Santos

N.I.P. 82150	Axudante de oficios	José Manuel Gutiérrez Luís
N.I.P. 77650	Oficial conductor (P. Móbil)	Javier Fernández Riveiro
N.I.P. 80659	Oficial conductor (P. Móbil)	Jesús Carballo Magariños
N.I.P. 13221	Oficial conductor (P. Móbil)	Florentino Prieto Domínguez
N.I.P. 15881	Oficial conductor (P. Móbil)	Manuel Alonso Iglesias
N.I.P. 82143	Oficial conductor (P. Móbil)	David Graña Feijoo
N.I.P. 82144	Oficial conductor (P. Móbil)	Avelino Troncoso Martínez
N.I.P. 11854	Oficial almaceneiro (P.C.)	Bernardo Rodríguez Lestón
N.I.P. 17354	Xefe de equipo (P.C.)	José Alfonso Pérez Fernández

A presente autorización outórgase nun máximo total de 840 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2014, nos termos do escrito asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras en data 3/06/2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

**C) -AUTORIZACIÓN DE GRATIFICACIÓN POR EXCESO XORNADA OSPIO (XULLO-AGOSTO-SETEMBRO 2014). EXPTE. 25373/220.**

Dáse conta da seguinte Resolución do 03/07/14, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito a oficina de Proxectos, que seguidamente se indica:

- Angel Ferro Mancho (nº persoal 79185),
- Ricardo Lobato Cameselle (nº persoal 17489),
- Loreto Romero Gil-Delgado (nº persoal 78929),
- Ramón Vázquez Rial (nº persoal 13273),

A presente autorización outórgase nun máximo total de 192 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2014, nos termos do escrito asinado polo xefe da oficina de Proxectos en data 02/06/2014, que serán compensadas segundo o previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión



do 24/06/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

*SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

**D) -AUTORIZACIÓN DE GRATIFICACIÓN POR EXCESO XORNADA SERVIZO LIMPEZA-OFCIAIS CONDUTERES (XULLO-AGOSTO-SETEMBRO 2014). EXPTE. 25368/220.**

Dáse conta da seguinte Resolución do 03/07/14, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal con posto de Oficial condutor para a realización das súas funcións no Servizo de Limpeza, que seguidamente se indica:*

- Pueite Veiga; Alfonso (N.P. 80454)
- Alonso Gonzalez, Angel (N.P. 80679)
- Quintas Perez, Manuel (N.P. 15450)

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 144 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2014, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Servizo de Limpeza en data 05/06/2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

**E) AUTORIZACIÓN DE GRATIFICACIÓN POR EXCESO XORNADA SERVICIO LIMPEZA (XULLO-AGOSTO-SETEMBRO 2014) EXPTE. 25369/220.**

Dáse conta da seguinte Resolución do 03/07/14, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*“PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Servizo de Limpeza, que seguidamente se indica:*

- Luciano Arango Fernández (nº persoal 17868),
- Lidia Mª Riveiro Cea (nº persoal 80682),
- Fernando Fernández Pérez (nº persoal 9952),
- Delmiro Garrido Lage (nº persoal 11943),
- J. Manuel Garrido Marcos (nº persoal 15527),
- Oscar Sevilla Valcarcel (nº persoal 81654),
- José C. Sola Quiroga (nº persoal 15088)
- Elsa Quintela Gonzalez (Nº persoal 80684)

*A presente autorización outórgase nun máximo total de 384 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2014, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Servizo de Limpeza en data 05/06/2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.*

*SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.*

*TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada da precedente resolución.

**16(769).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.**

**A) ASOCIACIÓN CULTURAL SAN SALVADOR DE TEIS. EXPTE. 89263/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 10/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

DEVOLVER a ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS (CIF 36769214) a fianza de 2000 € constituída para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración DA FESTA DA XUVENTUDE realizada en datas 23,24 e 25 de maio no parque da Riouxá , xa que non houbo danos nos espazos ocupados.

**B) COMIDISEÑO, S.L. EXPTE. 89234/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 14/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de maio de 2014 por Comidiseño, S.L., con NIF B-94000452, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Travesía de Vigo, 80, por non se producir danos.

**C) UVE, S.L. EXPTE. 89493/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 10/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 12 de xuño de 2013 por UVE Gestión y Producción de Proyectos Edificatorios, S.L., con NIF B-27778232, por un importe de 16.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Carral, 13, por non producirse danos.

**D) CODAFI, S.L. Expte. 89651/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 10/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 02 de maio de 2014 por Codafi Soluciones Constructivas, S.L., con NIF B-27747112, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Avda. Florida, 41, por non producirse danos.

**E) CONSTRUCCIONES BALBOA Y BUCETA, S.L. EXPTE. 89653/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 10/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 12 de xullo de 2013 por Construcciones Balboa y Buceta, S.L., con NIF B-36181782, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Ferrería, 4, por non producirse dano

**F) ANCA, S.L. EXPTE. 89716/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 14/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de maio de 2014 por Álvarez Crespo, S.L., con NIF B-36692614, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Doctor González Sierra, 2, por non producirse danos.

**G) IMPERMEBA, S.L. EXPTE. 89773/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 14/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de marzo de 2014 por Impermeba, S.L., con NIF B-36696698, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Illas Baleares, 33, por non producirse danos.

**H) MARODRI, S.L. EXPTE. 89792/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 14/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 03 de xuño de 2014 por Marodri, S.L., con NIF B-36741973, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Urzaiz, 112, por non producirse danos.

**I) MONTEROMÁN, S.L. EXPTE. 89793/210**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención do 09/06 e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade do 14/07, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de abril de 2014 por Monteroman Empresa Constructora, S.L., con NIF B-36805653, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Travesía de Vigo, 21, por non producirse danos.

**17(770).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE “MELLORAS DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO (LOTE 1, LOTE 2 E LOTE 3). EXPTE. 2500/440.**

O presente asunto retírase da orde do día.

**18(771).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONTORNO DE CHURRUCA. EXPTE. 2523/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do 14/07/14, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

*A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprometése a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.*

*O proxecto de “RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO ENTORNO DE CHURRUCA”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 20 de xuño de 2014 co número de expediente 2.545/443 por importe de 527.906,16 € (IVE excluído).*

*En data 11 de xullo de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.*

*Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:*

**PROPOSTA:**

1.- *Dar conta da tramitación do seguinte expediente "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NO ENTORNO DE CHURRUCA", cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:*

*Código do proxecto: Expte. 2.324/440*

*Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.*

*NIF: A38849495.*

*Orzamento de execución material: 443.618,62 €*

*Orzamento de contrata: 527.906,16 € (IVE excluído).*

*Prazo de execución: 6 meses.*

*Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.*

*Clasificación do contratista: G6c e E1c*

*Prazo de garantía: 2 anos.*

*Asistencia Técnica: GALAICONTROL*

*Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.*

*Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM*

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

#### **19(772).- DAR CONTA DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RONDA DE D. BOSCO, ENTRE RÚAS E. IGLESIAS E V. MORENO. EXPTE. 2546/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do 14/07/14, do xefe da área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

*"1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "RENOVACIÓN DE REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA RONDA DE DON BOSCO, ENTRE AS RÚAS EDUARDO IGLESIAS E VELÁZQUEZ MORENO", cos datos requeridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:*

●

● *Código do proxecto: Expte. 2.325/440*

● *Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.*

● *NIF: A38849495.*

● *Orzamento de execución material: 427.861,56 €*

● *Orzamento de contrata: 509.155,25 € (IVE excluído).*

● *Prazo de execución: 5 meses.*

● *Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.*

● *Clasificación do contratista: G6c e E1c*

● *Prazo de garantía: 2 anos.*

● *Asistencia Técnica: SOLTEC INGENIEROS.*

● *Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.*

● *Coordinación de Seguridade e Saúde: PROYEGAL.*

A Xunta de Goberno Local queda informada do anterior informe.

**20(772).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVA A FAVOR DE ESTACIONAMIENTOS PRAZA DO REI, S.L. EXPTE. 379/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28/05, do xefe de Contratación e Novos Proxectos que di o seguinte:

*O 22 DE XULLO DE 2013, D. Carlos García González presentou en debida forma a correspondente solicitude de autorización do Concello para a transmisión, mediante a operación mercantil de fusión, escisión, segregación e constitución de sociedades, da concesión demanial da que é titular "CORPORACIÓN MASAVEU,S.A.". en virtude do acordo plenario de 30 de maio de 1997 a "ESTACIONAMIENTOS PRAZA DO REI,S.L.", sociedade unipersonal participada por "SOCIEDAD ANÓNIMA TUDELA VEGUÍN", remitíndose o mesmo a esta xefatura por tratarse dunha cuestión relativa á titularidade dunha concesión administrativa.*

*A regulación da concesión de dominio público outorgada se rexe polo establecido no Prego de cláusulas administrativas, aprobado por acordo do Pleno de 18 de febreiro de 1994 no contido do seu Anexo sobre as condicións reguladoras da concesión da explotación do aparcamento, por canto parte do obxecto da mesma, como a redacción dos proxectos (constructivo e de urbanización) xa foron executados na súa totalidade, e no non previsto no mesmo polas disposicións legais vixentes no momento da súa aprobación, a saber Lei7/1985 de 2 de abril e os seus regulamentos de aplicación, RD-Legislativo 781/1986 de 18 de abril, Lei de Contratos do Estado e o seu Regulamento Xeral. Pera*

*Perante a laguna existente no Prego sobre a transmisión da concesión, o art. 115 da Lei 13/1995 permitía a cesión dos dereitos e obrigas derivados de un contrato administrativo se se cumprían uns requisitos respecto á execución do contrato en alomenos un 20%, que o cesionario teña capacidade de obrar para contratar coa administración, que se formalizase a transmisión en documento público e que fose autorizada polo órgano de contratación.*

*No presente caso non só se cumpren os requisitos esixidos, senon que na propia solicitude manifestan no seu apartado Cuarto que ámbalas dúas sociedades aceptan expresamente as consecuencias xurídicas previstas no art. 85 do R.D. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro respecto á responsabilidade solidaria de ámbalas dúas entidades na execución do contrato, compromiso ratificado polo representante legal de "Corporación Masaveu, S.A." en escrito de 23 de maio de 2014 presentado a requerimento efectuado por esta xefatura, polo que non existe inconveniente legal algún en acceder ó solicitado, condicionando a autorización á presentación polos solicitantes da escritura íntegra de fusión, escisión, segregación e constitución de sociedades outorgada pola Entidade "Sociedad Anónima Tudela Veguín" e a aceptación por ésta do compromiso esixido polo art. 85 do R.D. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.*

*O expediente non precisa de informe da Asesoría Xurídica Municipal, xa que segundo a Disposición Adicional Segunda da L.C.S.P, o seu informe preceptivo refírese ó prego de cláusulas administrativas particulares; nin da Intervención Xeral, xa que o acordo que se adopte non incide no réxime económico do contrato.*

*Por último o Prego ó establece-lo réxime disciplinario da concesión parece atribuí-la cesión dos dereitos concesionais ó Pleno ó considerar como falta muy grave a falta de autorización, non obstante ó amparo do disposto na Disposición adicional segunda do R.D. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro nos seus apartados 2 e 3 o órgano competente para a adopción do acordo é a Xunta de Goberno Local na súa condición de Órgano de Contratación do Concello, razón pola que se lle propón a adopción do seguinte*

## ACORDO

*PRIMEIRO.- Autorizar a “CORPORACIÓN MASAVEU,S.A.” a transmisión da concesión demanial para a elaboración do proxecto de urbanización da Praza do Rei, da Unidade de Actuación situada no Plan Especial do Casco Vello e a súa execución polo sistema de expropiación así como a construción, xestión e explotación da concesión do aparcamento baixo a praza a “ ESTACIONAMIENTOS PRAZA DO REI,S.L.”*

*SEGUNDO.- Condiciona-la presente autorización á presentación polos solicitantes nun prazo non superior a 20 días hábiles dos documentos que acrediten:*

- Escritura pública autorizada o 7 de novembro de 2011 polo notario Luis Ignacio Fernández Posada ó nº 2.254 do seu protocolo*
- Inmatriculación da sociedade concesionaria no Rexistro Mercantil, e*
- A aceptación de “Sociedad Anónima Tudela Veguín” do compromiso esixido polo art. 85 do R.D. Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.”*

### Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

### **21(773).- APROBACIÓN SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA NOMINATIVA: FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU. EXPTE. 5200/104**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 14/07/14, da técnica de actividades turísticas, conformado polo concelleiro-delegado de área e vistos os informes xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral de datas 10 e 14/07/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude de transferencia nominativa realizada pola Fundación VCB, que nos seguintes termos manifesta:

“I.- Que a “Fundación Vigo Convention Bureau” de aquí en diante Fundación VCB, tal e como reflicten os seus estatutos ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, e a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da Fundación VCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do



Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.

- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

II.- Que a Fundación VCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento para o ano 2014 aprobados polo padroado da Fundación celebrado o pasado 25 de xuño:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.
- Promoción da cidade como destino MICE

III.- Que, O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario do día 13 de xuño de 2014, na aplicación do orzamento 43204890000, prevé nominativamente a concesión dunha transferencia por importe de 95.000€, a favor da Fundación VCB.

Que de acordo o disposto na lei de 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nos seus artigos, 19.4 “se concederán de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos” e 26 “ a resolución de concesión establecerá as condicións e compromisos aplicables de acordo co disposto en dita lei.”

IV.- Que de acordo co exposto solicítase á Xunta de Goberno Local se dite resolución de concesión da transferencia a favor da Fundación VCB, prevista nominativamente nos devanditos orzamentos.

V.- Que a Fundación VCB non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das transferencias obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

#### CONDICIÓN DA CONCESIÓN DA TRANSFERENCIA

Primeiro.- A Fundación Vigo Convention Bureau, de aquí en diante a Beneficiaria, colaborará coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo

mediante a execución do seu plan de traballo que se concreta nas seguintes accións:

- Preparación e asistencia a feiras e salóns especializados no Turismo, Turismo MICE.
- Organización de viaxes de familiarización (FAM TRIPS) con destino Vigo .
- Promoción de Vigo entre as compañías aéreas co obxecto de captar novas rutas para o aeroporto de Vigo.
- Desenvolvemento de accións para o fomento das rodaxes audiovisuais na cidade a través da marca Vigo Film Office.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a aboar á Beneficiaria a transferencia por importe de 95.000€, mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- 1.Primeiro pago de 25.000€, ingresado non máis tarde do 31 de Marzo do 2014.
- 2.Segundo pago de 25.000€, ingresado non máis tarde do 30 de Xuño do 2014.
- 3.Terceiro pago de 25.000€, ingresado non máis tarde do 30 de Setembro do 2014.
- 4.Cuarto pago de 20.000€, ingresado non máis tarde do 15 de Decembro do 2014.

Terceiro.- Esta transferencia será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Conforme ao previsto no artigo 42 do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria habida conta das características e finalidades da Fundación e a súa vinculación co Concello de Vigo.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da transferencia ou se reduciran na execución

da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 20% do importe da actividade subvencionada. Se a actividade a subcontratar excede do 20% do importe da transferencia será necesario contrato por escrito e autorización do Concello.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades ás que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada, mediante a publicación na súa paxina web.

Oitavo.- A presente transferencia se é necesario, terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A beneficiaria, comprométese a presentar xustificacións parciais segundo o seguinte calendario:

- 1.Primeira xustificación, non máis tarde do 15 de abril do 2014.
- 2.Segunda xustificación, non máis tarde do 15 de Xullo do 2014.
- 3.Terceira xustificación, non máis tarde do 15 de outubro do 2014.
- 4.Cuarta xustificación, non máis tarde do 20 de Decembro do 2014.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da transferencia procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da transferencia e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á transferencia recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola transferencia. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da transferencia procederá á devolución do orixinal.

En todo caso, a xustificación da transferencia axustarase ao previsto na Base 38ª das de execución do orzamento, apartado 4.2. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 95.000 euros

Décimo.- Antes de proceder ao pago da transferencia a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo do ano 2014.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000€ por execución de obra ou 12.000€ no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia será comprobada polos servizos da Concellería de Turismo. O xefe do servizo de Turismo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da transferencia ata a data na que se

acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, procederá o reintegro da transferencia na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da transferencia sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da transferencia a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1933, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da transferencia obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións prevista na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da transferencia obxecto da presente solicitude rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

## ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **22(774).- PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS DO EIXO AVDA. DE CASTELAO/AVDA. DE EUROPA. EXPTE. 11482/411.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 10.07.14, conformado polo director dos Servizos técnicos, que di o seguinte:

Con data 16.10.2008, o Consello da XMU tomou coñecemento da comunicación da Xerente e do Delegado da Área de Urbanismo de día 13.10.2008 sobre inicio da tramitación, entre outros, do expediente de planeamento de iniciativa municipal do Plan Especial de Dotacións do Eixo Avenida Castelao -Avenida de Europa.

Os traballos de redacción tanto do Plan Especial como da avaliación ambiental estratéxica foron adxudicados á mercantil "Fraga, Quijada, Portolés e Asociados, S.L.P" en data 28.05.2009.

O día 14.08.2009, a entidade adxudicataria presentou o documento de inicio do planeamento, sendo informado polo arquitecto municipal o día 20.08.2009.

O día 18.09.2009, o Director dos Servizos Técnicos informou a *Memoria Preliminar* do Plan Especial de referencia.

O 19.10.2009, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ditou a *Decisión sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica do Plan Especial de Dotacións EL/ZV/B 08 "Eixo Avenida Castelao – Avenida Europa" no Concello de Vigo* (DOG. nº. 240 do 10.12.2009).

Con data 15.02.2011, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 110018203) o informe do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica relativo ás garantías de abastecemento e saneamento, entre outros, do ámbito do EL/ZV/B 08 "Eixo Avenida Castelao – Avenida Europa".

O día 16.03.2012, remitiuse oficio ao Ministerio de Fomento (notificado o 27.03.2012) solicitando o informe previsto no artigo 10 da Lei 25/1988, de Estradas.

O día 20.06.2012, o Xefe de Sector de Desenvolvemento Urbanístico emitiu informe no que conclúe: "*Tras a análise da documentación presentada pódese afirmar que:*

- *Cumple cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación e co establecido nos pregos de condicións técnicas. O nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade.*
- *O contido cumpre tamén os parámetros establecidos na ficha de xestión do ámbito. Cumpre o establecido no PXOM no que atinxe aos planeamentos de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable e ámbitos de solo urbano non consolidado colindantes.*
- *O plan especial responde aos criterios e obxectivos sinalados polo PXOM para este elemento de sistema xeral de espazos libres e zonas verdes.*
- *Cumple o establecido na lei 8/1997 de 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras e no seu reglamento de desenvolvemento, decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, así como na Orden*

*VIV/561/2010 de 1 de febreiro referente ás condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados”.*

O día 25.06.2012, o tax co visto e conforme do Xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico elaborou proposta de resolución entendendo a conformidade do Ministerio de Fomento coa aprobación inicial do instrumento de planeamento, por transcorrer o prazo que para emitir informe contén o artigo 10.2 da Lei de Estradas.

O día 06.07.2012, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente o Plan Especial de Dotacións de referencia consonte a documentación elaborada por “FRAGA G. QUIJADA PORTOLÉS E ASOCIADOS, S.L.P” con data febreiro 2012.

O anuncio da dita aprobación inicial publicouse en Faro de Vigo (páx.7) e La Voz de Galicia (páx.L7) en data 27.07.2012 e no DOG nº. 154, do día 13.08.2012 (páx. 32557).

O día 07.08.2012, notificouse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a solicitude do informe previsto no artigo 52.1 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e o 23.10.2012 notificouse unha copia en soporte dixital ao Servizo de Patrimonio Cultural-Xefatura Territorial de Pontevedra, segundo o previamente solicitado pola dita Consellería. O día 14.03.2013 -notificado o 20.03.2013- a Vicepresidenta da XMU requiriu de novo a emisión do nomeado informe.

En data 27.12.2012, o Secretario da XMU expediu certificado no que consta que durante o trámite de exposición pública presentáronse os escritos de alegacións que nel se relacionan.

O día 14.01.2013, o Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade emite informe concluíndo que a conformidade dese Servizo coa actuación que se propón queda condicionada ao resultado do informe sobre o estudo de tráfico que entende necesario realizar.

O día 20.05.2013, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130057325) o oficio da Subdirectora xeral de Protección do patrimonio cultural do 13.05.2013, achegando o informe favorable de data 30.04.2013 da Directora xeral do Patrimonio cultural.

O día 01.04.2014, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 140039419) o informe de data 25.03.2014 do enxeñeiro xefe da demarcación de estradas do Estado en Galicia xuntando o informe favorable emitido pola Unidade de Estradas de Pontevedra (proposta de informe) e ao que, segundo manifesta, á Demarcación presta a súa conformidade.

O 25.04.2014, o Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade emitiu o informe prestando *conformidade ao proxecto modificado*.

O 02.07.2014, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 140082260) un escrito presentado polo equipo redactor, polo que achegan tres exemplares do «PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EL/ZV/B 08 “Eixo Avenida de Europa – Avenida Castelao”» para a súa aprobación definitiva, rotulados como versión V.3 Aprobación Definitiva, de data de xuño de 2014. Este documento V.3 Aprobación Definitiva, integra a documentación V.1. de data de febreiro de 2011 aprobada inicialmente e a V.2., de data de xuño de 2013, de proposta de correccións e incorporacións derivadas da contestación de alegacións e observacións dos informes sectoriais. A documentación versión V.3 Aprobación Definitiva foi comprobada polos servizos técnicos da Oficina de Planeamento e Xestión.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLR 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental.
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de habilitabilidade de Galicia
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia (LPPG)
- Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitiva e parcialmente pola Orde da CPTOPT de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de CMATI de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) de aprobación do documento de subsnación de deficiencias observadas na orde do 16.05.2008 (PXOM)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. Delimitación e obxectivos de ordenación do «PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓNS EL/ZV/B 08 “Eixo Avenida de Europa – Avenida Castelao”».

O ámbito do Plan Especial de Dotacións abrangue unha superficie de 11.673 m<sup>2</sup> de parque lineal dende a Praza de América ata a praia de Samil. Trátase dun espazo identificado no PXOM, dentro dos Sistemas Xerais de zonas verdes, espazos libres e equipamentos, coa clave B08 Eixo Avda. Castelao – Avda. Europa que transcorre en dirección leste-oeste a través de Coia e da parroquia de Alcabre.

A delimitación reflíctese nos planos do PXOM 3.1.A e 3.1.B de sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes, plano 1 da serie 0 (escala 1/15000), planos 10 e 11 da serie 1 (escala 1/5000) e planos 10K, 11H, 11I, 11J, 11K, 12F, 12G, 12H e 13 F da serie 2 (escala 1/2000).



O obxectivo do Plan Especial é implantar un sistema xeral de espazos libres e zonas verdes formando parte dunha das actuacións estratéxicas do PXOM: a recuperación do entorno dunar da praia de Samil e o parque lineal que dende a mesma se prolonga ata a Praza de América. Trátase, segundo o PXOM, de obter un espazo urbano de calidade que sexa un referente paisaxístico común sobre as previsións de desenvolvemento urbanístico fraccionado en varios ámbitos (A 2-07 CRUCEIRO, A 2-08 PERTEGUEIRAS, A 2-34 DUNAS, A 3-15 TOMÁS PAREDES, S-14 FONTES PERTEGUEIRAS, S-22-R MILLAREIRA).

### III. Resultado do trámite de información pública: informe de alegacións.

Segundo consta na certificación expedida polo Secretario da XMU o día 27.12.2012, durante o trámite de información pública presentáronse 32 escritos de alegacións que foron respostadas polo equipo redactor no informe "Contestación de alegacións", de xuño de 2013 presentado no Rexistro xeral da XMU en data 12.06.2013 e que se analizan a continuación, tratándose conxuntamente aquelas que presenten identidade de fundamento:

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 25.09.2012 por D. Agapito Camarero Fernández (doc.120109775), D. Cándido Costas Mallo (doc.120109776), D. Víctor Alberto Alonso Costas (doc.120109778), D<sup>a</sup>. Urbanita Bastos Correa (doc.120109782), D. José Luis Álvarez Fernández (doc.120109787), o día 26.09.2012 (presentadas no correo postal o 24.09.2012) por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Purificación Comesaña Costas (doc.120110634) e D. Carlos Enrique González García (doc. 120110635), o día 28.09.2012 por D. José Manuel Casas Garrido (doc. 120111509), D. Francisco Javier Alonso Fernández (doc.120111921) e pola mercantil "GLOBAL FISH VIGO, S.L." (doc. 120111925).

CONTIDO: Os alegantes manifestan: a súa desconformidade co Plan Especial e co PXOM, así como cos antecedentes e acordos necesarios para a consecución do mesmo, e que o acordo de inicio do expediente nos lles foi notificado, polo que o impugnan xunto cos posteriores que sexan a súa consecuencia; a existencia dun informe técnico municipal no que se sinalan defectos no Plan Especial; que trátase dun Plan Especial de Dotacións e non dun plan de mero acondicionamento; que incumpre e modifica o PXOM e infrinxe o artigo 71 da LOUGA; que afecta a maior superficie que a que figura no PXOM e que se inclúen viais que exceden do sistema xeral previsto; que non inclúe completamente o viveiro existente; que modifica a AOD do «S-14-R Fontes Pertegueiras»; que só 412 m<sup>2</sup> de solo deben obterse por expropiación e os demais por inclusión en ámbitos de xestión colindantes; que deixa sen entrada ás parcelas nº. 38, 44 e 46 da Avda. de Europa e outras interiores; que *non existe previsión de funcionalidade* das rotondas que separan o sistema xeral; que se invaden varios viais e outros ámbitos e se ordena un ámbito exterior competencia do Ministerio de Fomento.

INFORME: De acordo co informado en data xuño de 2013 polo equipo redactor: *O Plan Especial de Dotacións "EL/ZV/08 EIXE AVDA. DE CASTELAO-AVD. EUROPA" é un instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM, cuxo obxectivo principal reside na consecución dun espazo urbano de calidade que serva de referente paisaxístico común sobre as previsións de desenvolvemento urbanístico fraccionado en varios ámbitos (A 2-07 Cruceiro, A 2-08 Pertegueiras, A 2-34 Dunas, A 3-15 Tomás Paredes, S-14 Fontes Pertegueiras e S-22-R Millareira). Ademais, tanto no prego de prescripcóns técnicas como na ficha de xestión do sector contemplada no PXOM indícanse como obxectivos e criterios de ordenación os que se detallan a continuación:*

- *Consecución dun espazo urbano de calidade, que serva de referente paisaxístico.*
- *Ordenación, deseño e acondicionamento do axardinamento, con especial fincapé dos percorridos peonís e ciclistas.*
- *Procurar unha acaída solución ás necesidades de accesibilidade ( peonil e ciclista) na rotonda de intersección das avenidas Castelao e Europa, mailo 1º cinto de circunvalación.*
- *Integración na ordenación do Xardín Francisco de Sales.*
- *Definición de criterios de execución e determinacións normativas.*

*Ten, polo tanto, a natureza dun plan especial dos previstos no artigo 71.1 da LOUGA que dí: "Os planes especiais de infraestruturas e dotacións teñen por obxecto o establecemento e ordenación das infraestruturas básicas relativas ao sistema de comunicacións, transportes, espazos libres públicos, equipamento comuni-*

tario, e das instalacións destinadas aos servizos públicos e subministrados de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas”.

Ademais, cumpre salientar que o PXOM, aprobado definitivamente de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e por Orde do 13.07.2009 do Conselleiro da CMATI de aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008, dende a súa entrada en vigor, trátase dun instrumento de carácter vinculante tanto para os administrados como para todas Administracións públicas.

Pola súa banda, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou na súa sesión de 16.10.2008 declarar o inicio da tramitación, entre outros, do expediente de planeamento e xestión de iniciativa municipal «EL/ZV/B-08 EIXO AVDA. CASTELAO – AVDA. EUROPA», encargando aos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión a redacción dos pregos de condicións e os expedientes de contratación dos traballos de redacción do Plan Especial de Dotacións do ámbito. Este acto ten a natureza dun acto de trámite e non require a súa notificación individualizada aos propietarios do ámbito (artigos 86 e correlativos da LOUGA). É por elo, que nin a aprobación definitiva do PXOM (que prevé a redacción deste Plan Especial) nin o acordo de incoación do presente instrumento de desenvolvemento son actos que requiran a notificación individualizada aos afectados.

No relativo ao informe técnico municipal mencionado polos alegantes, sinálase que se trata dun informe emitido durante o proceso de elaboración do Plan Especial de Dotacións, sendo así que durante esta fase introducíronse modificacións na documentación que se someteu a informe naquela data e que foi modificada antes da aprobación inicial. O Plan Especial conta na actualidade co informe favorable do Ministerio de Fomento e do Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade.

Sobre o seu obxecto e natureza, debe salientarse que se trata dun instrumento dos previstos no artigo 71 da LOUGA e así se recoñece no propio trámite onde se determinou a non necesidade de sometelo a avaliación ambiental estratéxica por resolución da CMATI. Con independencia da concreta denominación que se asigne ao Plan (“de Acondicionamento”), non cabe descoñecer que o determinante para coñecer a súa natureza é o seu obxecto e dende este punto de vista indubidablemente nos atopamos ante un Plan Especial de Dotacións. Non existe, polo tanto, modificación algunha das previsións do PXOM. O Plan respecta as determinacións e contidos da ficha do PXOM sen modificala nin alterar a calificación do solo (no é un instrumento apto para elo) (...) e realiza minuciosas consideracións nas que se argumentan tanto a motivación como a xustificación, desagregadas por temas: rede viaria e accesibilidade, dotacións e usos do solo, integración e paisaxe, zonas verdes, hidroloxía e flora. Así, o punto 2.5 da Memoria Xustificativa se refire integramente á integración paisaxística e o punto 2.6 ás solucións de accesibilidade nas rotondas e o capítulo 3 da normativa remítese a esas medidas de integración (“Determinacións mínimas para os proxectos de urbanización”).

En relación co seu ámbito de aplicación e os conceptos “ámbito de traballo” e “ámbito do Plan”, cumpre aclarar que como se explica na Memoria Xustificativa (pax.9) a superficie do nomeado ámbito de traballo (21.685 m<sup>2</sup>) é lixeiramente maior que o estrito ámbito de plan especial respectando sempre as clasificacións do PXOM o que significa que na súa ordenación o Plan Especial se limita ao ámbito estrito definido no PXOM, se ben, lxicamente, debe estudar o seu encontro con outros ámbitos colindantes e, de ahí, que defina un espazo de estudo (ámbito de traballo) que servirá para garantir a axeitada continuidade e solución de encontros e que non constitúe un espazo a ordenar polo Plan Especial senón a estudar. Así pois, conclúe o equipo redactor informando: polo tanto, os 28.800 m<sup>2</sup> que refire a alegación, resultan de superficial e sumar uns elementos gráficos, situados en zonas de estudo e que conteñen só unhas indicacións de planeamento (continuidade das masas de arborado autóctono, pasos peonís en continuidade coas sendas, etc.) que se fan aos planeamentos contiguos, para dar coherencia ao conxunto. Non cabe confundir, por ende, ambos ámbitos nin incluír a superficie correspondente á zona de estudo ou “ámbito de traballo” dentro do perímetro directa e estritamente ordenado no Plan Especial.

A respecto dos terreos da Fundación Sales, o Plan Especial integra os viveros no seu ámbito e á vez da indicacións ao planeamento contiguo para a súa posible ampliación e desenrolo (pax.7 da Memoria Xustificativa). Os xardíns son integrados na ordenación aos efectos da súa conservación e mellora das instalacións e respecto do bosque autóctono tratao como un elemento existente a manter, rexenerar e potenciar tratando de conserva a topografía actual, e engade “indicación para plans adxacentes: conservar no posible”. Non se modifica polo tanto ningunha ordenación detallada existente.

No relativo á afirmación de que se inclúen vias situados fora do ámbito, aclarar que o *Plan Especial define unha zona de traballo co obxecto de poder estudar os encontros (...) con outros espazos do entorno e por elo emprega a expresión “zona de traballo” (calificada como rede viaria) en referencia a zona comprendida entre o ámbito do Plan Especial e a actual zona de rodadura. Este estudo xurde da necesidade de atender a un dos obxectivos do planeamento: conciliar a zona verde coa rede viaria. En relación cos encontros peonís que se reflicten no ámbito de traballo, convén aclarar que non se trata de determinacións vencellantes ou de ordenación senón que funcionan como hipóteses de continuidade. Non se altera a rede viaria prevista manténdose a sección prevista no PXOM.*

Sobre a obtención do solo de sistemas xerais, os mecanismos están previstos na LOUGA e a eles se axustan as previsións do Plan Especial.

No relativo aos accesos, as cuestións apuntadas polos alegantes deben ser resoltas polos respectivos planeamentos de desenvolvemento. No caso concreto das parcelas citadas na observación “A” do punto 9 das alegacións respecto dos terreos sitos na Avd. de Europa nº. 38, 44 e 46, pódese comprobar na cartografía do PXOM que os accesos actuais a ditas parcelas non figuran como viario previsto. Será o Plan Parcial do sector S-33 Millareira, no que aquelas están incluídas, o instrumento no que se ordenen en detalle tanto as aliñacións viarias como as edificacións que se podan permitir en dita ordenación. Nas citadas con carácter xeral na observación “B” daquel punto 9, debe terse en conta que moitas das parcelas que dan fronte actualmente á Avd. de Europa carecen de acceso rodado directo a dita vía por condicións topográficas. Non obstante, para maior claridade, proponse introducir un punto na normativa coa seguinte redacción: *“Nos proxectos de urbanización de cada etapa se incluírá a solución provisional dos accesos ás parcelas e vivendas existentes que o teñan á Avenida de Europa, en tanto non se aproba a ordenación detallada dos ámbitos colindantes previstos polo PXOM”.*

En canto ás rotondas, dicir que éstas gráfanse segundo a previsión do PXOM, aspecto abordado no punto 2.5 da Memoria Xustificativa referido ás solucións de accesibilidade nas rotondas.

O Plan Especial estuda, para a súa resolución, a continuidade do seu ámbito estrito de actuación coas rotondas, por esixencias da ficha do PXOM. Non obstante, no documento aprobado inicialmente o equipo redactor advirte dous erros que corrixe na documentación sometida a definitiva aprobación: existe un erro material na representación gráfica do viario en fondo de saco previsto polo PXOM na Avd. de Europa, nº. 94, xa que se ben se debuxaban as aliñacións e parte do viario, sobre o mesmo tamén se situaban símbolos de árbores e unha senda; e no acceso ao ámbito «A-2-07 Cruceiro», debuxábanse as aliñacións previstas polo PXOM pero cun trazo discontinuo entendendo que sería o futuro PERI do ámbito o que as axustará definitivamente. Non obstante, para dar maior continuidade ao paseo representouse nos planos dándolle un tratamento continuo, o que resulta máis acaído, procedendo corruxir os planos de forma que non se grafie sobre os espazos de viario previsto ningún elemento de arborado para maior expresividade de que se trata dunha medida transitoria.

No caso dos accesos peonís, o Plan Especial *estudia a súa integración cos planeamentos de espazos exteriores e contiguos ao ámbito, aos que suxire pasos peonís sobre a calzada rodada en continuidade coas sendas da zona verde e en xeral, estas indicacións sempre están encamiñadas a dar coherencia á inserción do Plan Especial no seu entorno.*

Sobre a alegada invasión de terreos do Ministerio de Fomento, debe apuntarse que no expediente obra informe favorable deste Ministerio e realizáronse as correccións oportunas para evitar calquera invasión do espazo funcional da VG-20 que transcurre a un nivel inferior que o ámbito do Plan Especial.

PROPOSTA: Estimar parcialmente as alegacións unicamente no relativo ao tratamento dos accesos das parcelas con fronte a Avd. de Europa e interiores, introducindo un artigo na normativa do Plan Especial que resolva esta cuestión e corruxir os erros advertidos na representación gráfica do viario ao seu paso da Avd. de Europa nº. 94 e no acceso ao «A-2-07 Cruceiro» e desestimálas en todo o demais, de conformidade co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegación presentada no Rexistro xeral da XMU o día 21.09.2012 por D. Alfonso Paz-Andrade Rodríguez afirmando actuar en nome e representación da “Fundación Sales” (doc. 120108944)

CONTIDO: O alegante manifesta: que existe un erro na atribución da titularidade do solo sendo actualmente a parcela que refire propiedade da Fundación Sales; que a integración dos terreos da dita

Fundación Sales no ámbito do Plan Especial excede o sistema xeral e divide o espazo destinado a xardín; que o Plan Especial non engade nada novo, máis alá do recoñecemento do valor paisaxístico e botánico do xardín, a súa protección; que resulta innecesario aos fins expostos de mantemento e conservación a cesión do dominio de tal xardín ao Concello de Vigo con destino a sistema xeral; que non está xustificada a ampliación da Avd. de Europa; que o parque lineal non será beneficioso para os veciños de Vigo; que o carril-bici debe ser desviado para non atravesar o xardín da Fundación Sales cuxa integridade e visibilidade debe asegurarse. Finalmente, solicita que se acorde a exclusión dos terreos da Fundación Sales do ámbito do presente Plan Especial.

INFORME: Tómase coñecemento do apuntado acerca da titularidade do xardín, non obstante apúntase que, de acordo co artigo 86 da LOUGA, a notificación individualizada do acordo de aprobación inicial debe practicarse obrigatoriamente cos titulares catastrais. Sendo de digna mención o traballo que a dita Fundación Sales realiza para a conservación dos xardíns que refire, compre salientar, que sendo coincidentes ambos obxectivos -e por ende non incompatibles-, é o propio PXOM o que delimita o ámbito do Plan Especial e fixa os seus obxectivos de ordenación, polo que, dende este punto de vista, no cabe excluír del os terreos da Fundación Sales en tanto que foron incorporados ao ámbito do Plan Especial de modo expreso e inequívoco polo PXOM e, por elo, o Plan Especial límitase a dar cumprimento nese punto ao ordenando dende un instrumento de superior xerarquía, desenvolvéndoo, sen alterar, o ámbito delimitado.

No demais, informa tamén o equipo redactor que o *Plan Especial sí protexe plenamente a integridade da Fundación no seu ámbito tal e como se graffan en planos e se explicita en memoria e ordenanzas. Esta protección se complementa coas determinacións do PXOM para o S-22-R Millareira, quedando claramente preservada, deste modo, a unidade da Fundación sen risco algún de mutilación. Ademais, plantexa outra eficaz protección: a súa posible ampliación futura. Para elo se da unha indicación expresa ao planeamento contiguo de Millareira, no senso de que se contemple a ampliación do xardín existente, habida conta da súa condición de elemento do patrimonio cultural incluído no catálogo de xardíns do PXOM que se integra na ordenación a efectos da conservación e mellora das instalacións existentes (pax.7 da Memoria). No que atinxe aos temas relativos á vixilancia e coidado, ou ben horarios de apertura e peche, no futuro Proxecto de Urbanización podería estudarse a posibilidade de definir algún elemento de cerramento (unha verxa, etc. como elemento habitual en moitos xardíns europeos con independencia da titularidade pública ou privada do espazo delimitado) que facilite a axeitada xestión do réxime de paso e uso dos xardíns. Ademais, sendo materia propia deste instrumento a ordenación do ámbito delimitado no PXOM, as determinacións do Plan Especial non impiden nin prexulgan o estudo posterior por parte da Administración de mecanismos de colaboración ou participación, dentro do marco legal de aplicación, que permita compatibilizar, de ser o caso, os intereses expostos. E precisamente, tratándose de obxectivos similares e compatibles, non se observa en qué punto, polo tanto, podería prexudicar o Plan Especial á conservación de tales xardíns cando está orientado precisamente a contribuír a súa revalorización.*

Respecto dos demais aspectos, o equipo redactor informa que o Plan Especial non amplía os carrís da Avd. de Europa, a valoración sobre se é necesario o parque lineal ou excesivamente periférico, se realizou no proceso de elaboración e aprobación do PXOM, o carril-bici discorre sen afectar ao actual ámbito da Fundación Sales senón que pasa por terreos que PXOM cualifica como viario. Sobre o cerramento solicitado, informa que na fase de elaboración do proxecto de urbanización podería estudarse algún sistema de cerramento e que *a inserción de recintos diferenciados, como o da Fundación, dentro dun gran sistema xeral verde é un recurso clásico nos grandes parques urbanos. Non oculta senón que potencia e enriquece. No concreto, neste caso, a visibilidade dende o vial non se oculta e que é evidente que Plan especial non destrúe unha área botánica e dificilmente podería facelo ao protexela na súa integridade (...) os proxectistas cingúense ao seu obxecto de traballo: o Plan Especial. Plan Especial que ten como obxectivo principal a ordenación do sistema xeral de espazos libres e zonas verdes previsto no PXOM, e en canto á execución do mesmo se limita a reproducir o que a lexislación urbanística expresa sobre a obtención do solo dos sistemas xerais.*

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no sentido de tomar coñecemento do alegado a respecto da titularidade dos xardíns e desestimala en todo o demais, de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 02.10.2014 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Rosa Costas Goberna (doc. 120113234) e o día 05.10.2014 por D. Francisco Pérez Gulías, afirmando actuar en nome e representación de Fiesta Altántica, S.L. (doc. 120115038)

CONTIDO: os alegantes manifestan que debe terse en conta que o ámbito «A-2-34 Dunas» ten iniciado os traballos para o seu desenvolvemento urbanístico.

INFORME: De acordo co informado polo equipo redactor: *dentro dos posibles sistemas de aplicación para a obtención da zona verde de Avd. de Europa, o Plan Especial xa contempla, entre outras, a cesión como resultado do desenvolvemento das actuacións previstas no PXOM. Concordan por tanto e colaboran na mesma dirección o Plan Especial e o desenvolvemento de DUNAS A-2-34.*

PROPOSTA: Estimar a alegación no senso exposto no informe do equipo redactor de xuño de 2013

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 13.09.2012 por D. Telmo Comesaña Pampillón (doc. 120105398), o día 21.09.2012 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Dolores Comesaña Rouco (doc. 120108719) e por D<sup>a</sup>. Purificación Costas Rodríguez (doc. 120108798) e o día 04.10.2014 por D<sup>a</sup>. Alicia Garrido Pillado (doc. 120114591)

CONTIDO: os alegantes, tras manifestar diversas desconformidades coas actuacións previstas no Plan Especial, solicitan a demora na súa execución ata que teña lugar un maior desenvolvemento do PXOM.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en data xuño de 2013 :(...) *procede reseñar que o Plan Especial é un obxectivo prioritario do PXOM de Vigo, e así mesmo lembrar as previsións de desenvolvemento que para o primeiro cuatrienio, contempla o PXOM nesta zona. Non obstante, o proxecto de Plan Especial plantexa un plan de etapas flexible, que non implica de inmediato o inicio das actuacións, e unha estratexia que permitirá irse desenrolando por etapas e fases, segundo a dispoñibilidade de terreos e económica.*

En canto á proposta particular presentada por D<sup>a</sup> Purificación Costas Rodríguez debe respostarse tamén que será nesa fase de execución na que se deberán valorar, coa aportación documental correspondente, a titularidade dos terreos integrantes de cada etapa e a incidencia de anteriores proxectos expropiatorios no seu caso, sen prexuízo doutras comprobacións que procedan.

PROPOSTA: Desestimar as alegacións de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 03.09.2012 por D. José Manuel Lago Costas (doc. 120101466), o día 06.09.2012 por D. Secundino Rouco Blanco (doc. 120102836), o día 18.09.2012 por D. Cipriano Nogueiras Nogueiras (doc. 120107079) e o día 26.09.2012 por D. Cándido Costas Costas (doc. 120110705)

CONTIDO: os alegantes manifestan non ser titularidades de terreos no ámbito.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013: (...) *se ben non é durante a elaboración deste instrumento de planeamento de desenvolvemento cando deban depurarse ao detalle as cuestións de titularidade, se procederá a aclarar e subsanar os erros que se detecten, correspondendo á fase de xestión deste Plan Especial a comprobación e acreditación de titularidades.*

PROPOSTA: Estimar as alegacións no exclusivo senso de tomar coñecemento do manifestado e depurar os erros existentes, de acordo co informado co equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 03.09.2012 por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Teresa Román Pampillón (doc. 120101481), o 18.09.2012 por D<sup>a</sup>. Adelaida Davila Fernández (doc. 120107138) e o día 28.09.2012 (no Rexistro xeral da Subdelegación do Goberno o 26.09.2012) por D. Amador González Guitián no seu nome e dereito e afirmando representar a D<sup>a</sup>. Marina Flora, D<sup>a</sup>. Elia, D. Carlos e D<sup>a</sup>. Isabel González Guitián (doc.120111727)

CONTIDO: Os alegantes manifestan desconformidade coas superficies asignadas no Plan Especial ás parcelas da súa propiedade e solicitan a súa corrección.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013, será nas fases de xestión nas que se comprobren con detalle e se acredite a descrición e titularidade dos bens afectados.

PROPOSTA: Estimar parcialmente as alegacións no exclusivo senso de tomar coñecemento do manifestado e desestimalas en todo o demais de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas electronicamente o día 13.09.2012 por D. Manuel Leiros Hervello (doc. 120105711) e no Rexistro xeral da XMU o día 20.09.2012 por D. Camilo Alonso Costas (doc. 120108213) e o día 26.09.2012 por D. José Armando Fernández Ledo e D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Rosa Canda Roma (doc.120110460).

CONTIDO: os alegantes manifestan a súa dispoñibilidade de cara á transmisión dos seus terreos.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013 resulta interesante considerar a dispoñibilidade da propiedade o que deberá abordarse durante a fase de xestión con respecto dos mecanismos de obtención previstos na LOUGA.

PROPOSTA: Estimar parcialmente as alegacións no exclusivo senso de tomar coñecemento da dispoñibilidade comunicada polos alegantes e desestimalas en todo o demais, de acordo con informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegación presentada no Rexistro de xeral da XMU o día 20.09.2012 por D. Enrique Davila Fernández (doc. 120108158)

CONTIDO: o alegante manifesta que a actuación non está xustificada, que a súa parcela quedaría illada no caso de levarse a cabo as actuacións previstas Plan Especial e solicita que os redactores e directores dos proxectos consideren ambas marxes da Avenida de Europa na planificación.

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013, cumpre apuntar que *o plan especial desenrola e executa un mandato que lle ven dado polo PXOM, sendo este instrumento xeral o que ten valorado e motivado a necesidade da actuación, polo que o Plan Especial o que fai é definila co nivel de detalle esixible e o fai en cumprimento das previsións do PXOM. En tanto non se executen os planeamentos de desenvolvemento que afectan á outra parte da propiedade, corresponde ao proxecto de urbanización que desenrole este Plan Especial, detallar a solución puntual do acceso, en situación de transitoriedade.*

PROPOSTA: Desestimar a alegación de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

●Alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 27.09.2012 por D<sup>a</sup>. Olga Serodio Esteiro (doc. 120111340), por D<sup>a</sup>. Josefa Araújo Comesaña (doc. 120111343), por D. Francisco Serodio Esteiro (doc. 12011346) e o día 02.10.2012 por D. Edelmiro Comesaña Fontán (doc. 120113096).

CONTIDO: Os alegantes manifestan que a actuación neste momento non respecta o criterio de oportunidade; suxiren que se comece polo desenvolvemento do carril-bici e dos espazos adxacentes da zona norte e expresan que descoñecen se se manteñen os accesos das parcelas que refiren. Ademais, D<sup>a</sup>. Olga Serodio Esteiro solicita a modificación do trazado ao paso pola parcela 19 para evitar a expropiación e demolición de parte dunha vivenda e D. Francisco Serodio Esteiro afirma que non se contempla a taxación dun local de negocio e actividade comercial existente no ámbito e que *o plano de dotacións non ten en conta a posible recolocación do local de negocio que permita seguir coa actividade empresarial en termo espacial semellante e próximo.*

INFORME: de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013: *o Plan Especial desenrola e executa un mandato que lle ven dado polo PXOM, sendo este instrumento xeral o que ten valorado e motivado a necesidade da actuación, polo que o Plan Especial o que fai é definir co nivel de detalle esixible aquela actuación e o fai en cumprimento das previsións do PXOM. É por elo que a motivación, oportunidade a utilidade pública desta actuación emanan do propio PXOM, limitándose este Plan Especial a desenrolar esas previsións (...)* A implantación dun carril-bici, sobre terreos dispoñibles ou en cesión de

*uso sería unha actuación en paralelo á tramitación deste Plan Especial e que non obsta os obxectivos e determinacións que neste se conteñen. No que respecta ás unidades de actuación contiguas cada unha delas conta con previsións de xestión e programación independentes e en tanto non se executen os planeamentos de desenvolvemento que afectan á outra parte da propiedade, corresponde ao Proxecto de urbanización que desenrole este Plan Especial, detallar a solución puntual do acceso, en situación de transitoriedade. Ademais, a respecto do alegado acerca da taxación dun local de negocio e actividade comercial e a súa reubicación, puntualiza que a extinción, de ser o caso, da actividade comercial alegada e a súa posible recolocación ou reubicación non son cuestións que corresponda definir ao Plan Especial co nivel de detalle esixido polo alegante, sen que tampouco éste acredite a súa representación sobre a mercantil que afirma estar afectada. Se trata de cuestións que deberán resolverse e valorarse convenientemente nas posteriores fases de desenvolvemento deste Plan Especial e do planeamento contiguo.*

PROPOSTA : Desestimar as alegacións de acordo co informado polo equipo redactor en xuño de 2013.

#### IV. Cumprimento da tramitación procedimental.

De conformidade co disposto no artigo 86 da LOUGA, atendida a Resolución do 19.10.2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental, o Plan Especial inicialmente aprobado o día 06.07.2012 pola Xunta de Goberno Local, someteuse a información pública por prazo dun mes mediante anuncio no DOG nº. 154 do 13.08.2012 e en Faro de Vigo e La Voz de Galicia o 27.07.2012. Tamén practicáronse as notificacións individualizadas aos titulares catastrais, constando no expediente o informe do equipo redactor ás alegacións presentadas. Obran no expediente os informes sectoriais favorables de Patrimonio cultural e da Demarcación de estradas do Estado en Galicia.

Como consecuencia dos informes remitidos pola Demarcación de estradas do Estado en Galicia e polo Xefe de Sala de Mobilidade e Seguridade, na versión V3 do documento, presentada para a súa aprobación definitiva, corríxense os planos 19E-OR1, 22E-OR2, 31E-SE1, 32E-SE2, 33E-SE4 e 35E-SE5 e inclúese na normativa a obrigaçión de incorporar un estudo de tráfico e a determinación das infraestruturas necesarias de regulaci3n e sinalizaci3n da circulaci3n de vehículos e pe3ns nos proxectos de urbanizaci3n e de obras que desenvolvan as distintas etapas. Así mesmo, na dita versi3n V3 do documento sometido a definitiva aprobaci3n inclúese as modificaci3ns derivadas da proposta de estimaci3n de alegaci3ns.

#### V. Publicidade e eficacia.

De acordo co artigo 92.2 da LOUGA, o acordo de aprobaci3n definitiva do «PLAN ESPECIAL DE DOTACI3NS DO ZV/SX/B 8 "EIXO AVENIDA DE EUROPA – AVENIDA DE CASTELAO», publicarase no DOG e o documento que conteña a normativa e ordenanzas, no BOP de Pontevedra.

A aprobaci3n definitiva será comunicada a CMATI, a que se lle dará traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran e sobre os que recaira a aprobaci3n definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo. No anuncio de publicaci3n da aprobaci3n definitiva farase menci3n desta remisi3n.

A eficacia do acto de aprobaci3n definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado definitivamente quedan condicionadas ao cumprimento do disposto no artigo 92 da LOUGA e ao que dispoña ao efecto a lexislaci3n reguladora da Administraci3n actuante.

A aprobaci3n deste instrumento de planeamento de desenvolvemento conlevará a utilidade pública e a necesidade de ocupaci3n dos bens ou dereitos afectados, no seu caso, aos fins de expropiaci3n ou imposici3n de servidumes.

## VI. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).

Por todo o anteriormente exposto, fórmulase a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente as alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 25.09.2012 por D. Agapito Camarero Fernández (doc.120109775), D. Cándido Costas Mallo (doc.120109776), D. Víctor Alberto Alonso Costas (doc.120109778), Dª. Urbanita Bastos Correa (doc.120109782), D. José Luis Álvarez Fernández (doc.120109787), no Rexistro xeral da XMU o día 26.09.2012 (presentadas no correo postal o 24.09.2012) por Dª. Mª. Purificación Comesaña Costas (doc.120110634), por D. Carlos Enrique González García (doc. 120110635), no Rexistro xeral da XMU o día 28.09.2012 por D. José Manuel Casas Garrido (doc. 120111509), por D. Francisco Javier Alonso Fernández (doc.120111921) e pola mercantil "GLOBAL FISH VIGO, S.L." (doc. 120111925), de acordo co informe proposta *supra* transcrito e desestimálas en todo o demais.

SEGUNDO: Estimar parcialmente a alegación presentada no Rexistro xeral da XMU o día 21.09.2012 por D. Alfonso Paz-Andrade Rodríguez afirmando actuar en nome e representación da "Fundación Sales" (doc. 120108944) tomando coñecemento do manifestado a respecto da titularidade dos xardíns e desestimála en todo o demais, de acordo co informe proposta *supra* transcrito.

TERCEIRO: Estimar, no senso exposto no informe do equipo redactor de xuño de 2013, as alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 02.10.2014 por Dª. Mª. Rosa Costas Goberna (doc. 120113234) e o día 05.10.2014 por D. Francisco Pérez Gulías, afirmando actuar en nome e representación de "Fiesta Altántica, S.L." (doc. 120115038) e estimar parcialmente as alegacións presentadas o día 03.09.2012 por D. José Manuel Lago Costas (doc. 120101466), o día 06.09.2012 por D. Secundino Rouco Blanco (doc. 120102836), o día 18.09.2012 por D. Cipriano Nogueiras Nogueiras (doc. 120107079), o día 26.09.2012 por D. Cándido Costas Costas (doc. 120110705), o día 03.09.2012 por Dª. Mª. Teresa Román Pampillón (doc. 120101481), o 18.09.2012 por Dª. Adelaida Davila Fernández (doc. 120107138), o día 28.09.2012 (no Rexistro xeral da Subdelegación do Goberno o 26.09.2012) por D. Amador González Guitián no seu nome e dereito e afirmando representar a Dª. Marina Flora, Dª. Elia, D. Carlos e Dª. Isabel González Guitián (doc.120111727), o día 20.09.2012 por D. Camilo Alonso Costas (doc. 120108213), o día 26.09.2012 por D. José Armando Fernández Ledo e Dª. Mª. Rosa Canda Roma (doc.120110460) e presentada electronicamente o día 13.09.2012 por D. Manuel Leiros Hervello (doc. 120105711), todo elo de acordo co informe proposta *supra* transcrito, desestimándoas en todo o demais.

CUARTO: Desestimar as alegacións presentadas no Rexistro xeral da XMU o día 13.09.2012 por D. Telmo Comesaña Pampillón (doc. 120105398), o día 21.09.2012 por Dª. Mª. Dolores Comesaña Rouco (doc. 120108719) e por Dª. Purificación Costas Rodríguez (doc. 120108798) e o día 04.10.2014 por Dª. Alicia Garrido Pillado (doc. 120114591), o día 20.09.2012 por D. Enrique Davila Fernández (doc. 120108158), o día 27.09.2012 por Dª. Olga Serodio Esteiro (doc. 120111340), por Dª. Josefa Araújo Comesaña (doc. 120111343), por D. Francisco Serodio Esteiro (doc. 12011346) e o día 02.10.2012 por D. Edelmiro Comesaña Fontán (doc. 120113096), de acordo co informe proposta *supra* transcrito.

QUINTO: Aprobar definitivamente o «PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN DO ZV/SX/B 8 "EIXO AVENIDA DE EUROPA – AVENIDA DE CASTELAO», redatado a iniciativa municipal pola mercantil "Fraga, Quijada, Portolés e Asociados, S.L.P" na súa versión V.3 Aprobación Definitiva, con data de xuño de 2014 (exp. 11482/411).



SEXTO: Dar traslado do presente acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xunto con copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con todos os planos e documentos que o integran sobre os que recae a presente aprobación definitiva, debidamente dilixenciados polo Secretario do Concello, facendo constar este extremo.

SÉPTIMO: Ordear a publicación do presente acordo no DOG, en cuxo anuncio farase mención á remisión á CMATI da documentación referida no apartado sexto do presente acordo e, así mesmo, publicar no BOP de Pontevedra o documento que conteña a normativa e ordenanzas.

OCTAVO: Ordear a publicación do presente acordo xunto coa ordenación definitivamente aprobada, na páxina web do Concello de Vigo.

NOVENO: Notificar o presente acordo aos titulares castrais, así como aos alegantes aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 4, letra e) do TRLS, significándolles que os instrumentos de planeamento teñen natureza de disposición xeral polo que, contra este acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a súa notificación ou publicación, se ésta é posterior, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

En sesión do 18.07.14 o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo toma coñecemento do anterior informe que remite á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **23(775).- CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN DA U.A. 4 CANTEIRA. EXPTE. 5112/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.07.14, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión e pola xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*O Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o día 21.09.1998, o Estudo de Detalle do Polígono C-SU-UA-4 Canteira, redactado polo arquitecto, D. Xosé A. Comesaña García e visado polo COAG no 18.02.1998 e 23.03.1995 (BOP nº. 223, do 18.11.1998).*

*O día 26.07.2001, o Consello da XMU aprobou definitivamente o Proxecto de Compensación de propietario único do ámbito de referencia, redactado polo arquitecto, D. Clemente Sequeiros Sestelo e visado polo COAG no 19.03.2001 e 22.03.2001 (exp. 4268/401). O apartado dispositivo cuarto do dito acordo dispón que "A propiedade do ámbito deberá asumilo mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello. A tal fin, as fincas resultantes do Proxecto de Compensación quedarán afectas, no cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. Esta condición se fará constar expresamente na inscrición rexistral de cada unha das fincas resultan-*

*tes*". O día 17.01.2003, o Secretario da XMU certificou o cumprimento pola entidade mercantil "Camiño da Balsa, S.L." da condición establecida no apartado dispositivo primeiro do dito acordo.

O día 24.01.2002, o Consello da XMU aprobou definitivamente o proxecto de urbanización do polígono promovido pola mercantil "Camiño da Balsa, S.A." e redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Alberto Moreno García, visado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos o día 27.06.2001, 10.05.2001 e 15.03.2001 (exp. 4282/401).

O 15.11.2013, a Xunta de Goberno Local acordou, entre outros pronunciamentos, recibir parcialmente as obras de urbanización da U.A. 4 Canteira (1ª Fase), de conformidade co informe do Director Adxunto dos Servizos Técnicos do día 11.11.2013.

Con data 13.12.2013, ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 130147928), escrito de D. Pablo María Alvite Lorenzo, actuando en representación de NGC DIVISIÓN GRUPO INMOBILIARIO, solicitando a aprobación dos Estatutos da Entidade Urbanística de Conservación da U.A. 4 Canteira.

O día 19.12.2013 a Xunta de Goberno Local acordou, de acordo co informe do Director Adxunto dos Servizos Técnicos do 17.12.2014, recibir definitivamente a obra urbanizadora (2ª Fase) e comunicar á propiedade que será responsable da conservación da urbanización ata a constitución dunha entidade urbanística de conservación formada por todos os propietarios do ámbito, de acordo co artigo 2.3.5 do PXOM/08 e a lexislación de aplicación.

Con data 24.01.2014, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente os estatutos da entidade de conservación da U.A.4 Canteira, abrir un trámite de información pública mediante publicación no BOP e nun dos periódicos de maior circulación e notificar individualmente o dito acordo as todas as propietarias no ámbito.

O día 14.02.2014 foi publicado en Faro de Vigo (páx. 7) o acordo da Xunta de Goberno Local do 24.01.2014 e o día 03.03.2014 publicouse, xunto cos estatutos inicialmente aprobados, no Boletín Oficial de Pontevedra nº. 42 (páxs. 25 a 31).

O día 30.06.2014, o Secretario da XMU expediu certificado no que fai constar constar que non se presentaron alegacións durante o prazo sinalado no anuncio publicado en prensa local, BOP e notificación edictal.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana.
- R.D.Lex 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de solo.
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- R.D.2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- RDUGal (D 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia)
- R.D.2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.
- R.D.3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana.

- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010)

## II. Constitución da entidade urbanística de conservación e adscrición obrigatoria.

As entidades urbanísticas de conservación son entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e personalidade e capacidade xurídica propias para o cumprimento dos seus fins. Estas entidades, reguladas no artigo 110 da LOUGA, estaban xa previstas no artigo 68 do RXU, sendo así que o artigo 24.2. letra c) do RXU considéraas entidades urbanísticas colaboradoras, polo que, en primeiro termo, rexeranse polos seus propios estatutos (artigo 24.3 do RXU).

A pertenza á entidade de conservación será obrigatoria para todos os propietarios de bens inmobles na U.A. 4 Canteira, por mandato do artigo 110 da LOUGA na súa relación co artigo 25.3 do RXU, polo que a súa transmisión deberá ser comunicada á entidade urbanística de conservación con antelación suficiente (artigo 8 dos Estatutos).

## III. Inscripción no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

Aprobados definitivamente os seus Estatutos, os propietarios deberán constituirse en entidade de conservación mediante escritura pública (artigo 163 do RXU) na que designarán os cargos do órgano reitor e na que deberá constar, ademais, a relación de propietarios e fincas das que son titulares, o domicilio da dita entidade urbanística colaboradora e as persoas designadas para ocupar os cargos do órgano reitor. Remítirase copia autorizada da dita escritura pública ao órgano urbanístico que adoptará, de ser o caso, o acordo aprobatorio da constitución da entidade urbanística de conservación da U.A. 4 Canteira para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras dependente da Xunta de Galicia e unha vez inscrita adquirirá personalidade xurídica. Tamén inscribíranse no dito Rexisto os nomeamentos e ceses das persoas que se encarguen do goberno e administración da entidade e as modificacións dos Estatutos previa aprobación pola Administración urbanística.

## IV. Órgano competente.

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto no artigo 127.1.d) da LRBRL, a proposta do Consello da XMU.

Polo anterior, propónse a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar definitivamente os estatutos da Entidade Urbanística de Conservación da U.A. 4 Canteira publicados no BOP nº. 42 en data 03.03.2014, da que formarán parte todos os propietarios do ámbito.

**SEGUNDO:** Requirit aos propietarios para que se constituán en Entidade Urbanística de Conservación mediante escritura pública no prazo dun mes dende a notificación deste acordo, debendo presentar copia autenticada da mesma perante esta Administración urbanística para súa aprobación e posterior remisión ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

**TERCEIRO:** Designar como representante desta Administración municipal na entidade urbanística colaboradora, aos efectos previstos na lexislación de aplicación, á Xefa de Planeamento e Xestión D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Belén González Ramírez.

**CUARTO:** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

*QUINTO: Notificar este acordo aos propietarios, advertíndolles que pon fin á vía administrativa e que fronte ao mesmo poden interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes perante o mesmo órgano que o ditou ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados competentes no prazo de dous meses, contado en ambos casos dende a súa notificación, sen prexuízo do exercicio das accións legais que estimen procedentes.*

*Non obstante, este informe proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.*

En sesión do 18.07.14 o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo toma coñecemento do anterior informe que remite á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **24(776).- APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLE VELÁZQUEZ MORENO 10. EXPTE. 3147/426.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área da Tenencia de Alcaldía, do 8.07.14, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

#### I.- Antecedentes

Primeiro.- O 12 de xullo de 2011 a entidade mercantil Promociones Vital Vigo S.L presenta solicitude de aprobación dun estudio de detalle para ordenar o volume a construír no edificio sito no número 10 da rúa Velázquez Moreno.

Remitada copia do mesmo á Comisión territorial de patrimonio histórico da provincia de Pontevedra, co fin de recabar autorización sectorial ós efectos do artigo 54 da Lei de patrimonio de Galicia, esta emite informe o 3 de xullo de 2012, no que se recoñece que a solución proposta aporta valor á edificación, pero se supedita a novo informe do Concello en relación co cumprimento da ordenanza 2 PXOM.

En data 27 de xullo de 2012 o Consello da Xerencia municipal de urbanismo aproba o informe municipal en canto ó alcance das obras de derruba no ámbito da Ordenanza 2, remitíndose á Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia o 30 de xullo de 2012. Posteriormente o Concello Pleno de Vigo en sesión do 31 de marzo de 2014, aproba o informe de Interpretación de concepto dubidoso no ámbito da Ordenanza 2 PXOM, remitíndose o 11 de abril de 2014, á Xefatura territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura.

Na data non se ten recibido neste Concello informe da Consellería en canto á interpretación municipal,

Segundo.-Consta no expediente informes técnicos da arquitecta municipal do 3 de setembro, 17

de outubro, de 2012, e 29 de xaneiro e 1 de marzo de 2013, remitíndose o expediente para formular proposta a esta Xefatura.

Terceiro.- Anteriormente, a citada promotora presentara unha consulta urbanística especial, expediente 706.426, proponiendo unha restructuración total da edificación, construír dous plantas de soto e adicionar tres plantas ó inmovible, resultando un edificio de dous sotos destinados a garaxe, trasteiros e instalacións, planta baixa para portal de acceso a vivendas e locais comerciais a nivel das rúas Marqués de Valladares e Velázquez Moreno, un semisoto vencellado ós locais comerciais e catro plantas e baixo cuberta destinados a vivenda.

O fundamento da consulta especial foi a previsión do artigo 9.2.9 das Normas urbanísticas PXOM, "*Para os efectos de materialización do dereito edificatorio definido segundo este número de plantas poderán ser compensados cos corpos voados en fachada ou patio de couzada, por Áticos e aproveitamentos baixo cuberta, torreóns e outros elementos. No non regulado expresamente nesta Ordenanza aplicaranse as condicións aplicables da Ordenanza 3, Edificación en Couzada Pechada*

A citada ordenanza 3, no artigo 9.3.11 *En determinados casos, debidamente xustificadas, nos que, por mor dunha mellor adaptación ó ambiente en aplicación do contido do artigo 104 da Lei 9/2002, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións lindieras, cando estas superan notablemente a altura fixada no Plan Xeral e xeran problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no punto 1 deste artigo que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin de un máximo de once (11) plantas. Para elo, o Concello esixirá a presentación dun Estudo de Detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta Ordenanza, con especificación de:*

- *Situación actual e entorno*

- *Determinacións do Plan Xeral*

- *Aproveitamento derivado da aplicación directa desta Ordenanza e das propostas presentadas*

Cuarto.- Como resultado da consulta, a Comisión de seguemento do PEEC, en sesión do 13 de maio de 2011 acordou, "Informar favorablemente a solicitude da entidade Promociones VITALVIGO SL, sobre reforma e ampliación dun edificio da rúa Velázquez Moreno nº 10, según anteproxecto redactado polos arquitectos Jesús Irisarri Castro e Guadalupe Piñera Manso, cos seguintes condicionantes:

- Deberá cursarse a través un Estudo de Detalle

- Deberanse reutilizar as varandas e portas da caixa de escaleiras.

- Quedará condicionado ao pronunciamiento preceptivo que chegado o momento realice a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia."

Quinto.- O 5 de maio de 2014, a mercantil, Promociones Urbanas Laxas, S.L presenta escritura de compravenda do edificio, doc. núm. 140052569.

II.- Fundamentos xurídicos

I.- Lexislación aplicabel

- Real Decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, TRLS
- Lei 9/2002, de 30 de decembro de 2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, LOUGA
- Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)

- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidade de la Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- D 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento urbanístico.
- RD1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia; DOG n.º 214, de 08.11.1995 (LPCG)
- Estatutos que rexen o funcionamento da Xerencia municipal de urbanismo aprobados polo Concello pleno en sesión do 6 de setembro de 2010
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## II.-Ámbito e obxecto do estudo de detalle

Trataríase de ordear o volume materializable sobre o edificio do número 10 da rúa Velázquez Moreno, sen alterar o dereito edificatorio que lle correspondería de acordo coas determinacións contidas na ordenanza de aplicación. Dita operación encadraríase dentro do disposto no artigo 73.1.b) da LOUGA, posibilidade que recolle o artigo 4.1.3 das NNUU do PXOM.

Así mesmo, fundaméntase no disposto nos artigos 9.2.9 por remisión do citado 9.3.11.7 das NNUU do PXOM que recolle un mecanismo de ocultación de medianeiras de edificacións lindeiras, a través da presentación dun Estudo de Detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa da Ordenanza,

*Como límites o artigo determina que a ordenación do aproveitamento non poderá superar o dereito edificatorio máximo que corresponda, é dicir, o que resultaría de aplicar as alturas establecidas no punto 1, polo que a ordenación do volume do edificio deberá optar por solucións nas que en unha ou mais plantas se reduza a ocupación. Non serán admitidas propostas que supoñan creación de novas medianeiras. O contido e determinacións do Estudo de Detalle suxeitarase ao disposto no Artigo 73 da Lei 9/2002”.*

Tocante ao preceptuado no artigo 9.3.14 “Condições de ocupación “das NNUU do PXOM: “1. A edificación deberá mante-lo fondo edificable definido no artigo 9.3.10 en tódalas plantas superiores á baixa. Coa única excepción das condicións particulares que puidesen aprobarse en aplicación do establecido no punto 7 do anterior Artigo 9.3.11”.

Consta no informe da arquitecta municipal segundo o cal o estudo de detalle respecta os límites técnicos expresados .

Por outra parte, prevé o artigo 9.3.21.4 das NNUU do PXOM a posibilidade de autorizar solucións arquitectónicas libres sempre que se tramite, con anterioridade á presentación do proxecto, unha Proposta de Ordenación mediante a presentación dunha Consulta Urbanística Especial. Ao abeiro do referido artigo tramitouse unha consulta urbanística especial no expt. 706.426.

## III.- Límites do estudo de detalle e demais consideracións urbanísticas

A edificación na que se proxecta a intervención a través do estudio de detalle, atopase en solo clasificado como urbano, no ámbito do “ Plan Especial y Catálogo Complementario de Edificios, Conjuntos y elementos

a Conservar en Vigo" ( A.D. 25.10.90) no cuarteirón Nº10, e esta catalogado co grado de protección Ambiental. No Plan Xeral de Ordenación Municipal , o inmoble atópase en solo clasificado como urbano e cualificado coa ordenanza 2 de Conservación e Protección Ambiental, mantendo o mesmo grado de Catalogación Ambiental.

Segundo documentación propia do Concello, trátase da "casa proxectada no ano 1886 por Jenaro de la Fuente Dominguez na base dun bosquezo realizado polo arquitecto catalán Josep Doménech. Con todo, a obra responde ás características da arquitectura ecléctica do proxectista galego, coa única excepción do orixinal miradoiro situado no chafrán e do amplo beiril da cornixa. Un dos rasgos peculiares de la Fuente e do edificio en cuestión é o corte dentado da sección interior central dos linteis simples e escarzos que locen en ámbalas dúas fachadas. Este detalle ornamental efectivárase a través de puntas de diamante piramidais ou esferas, segundo o caso. Destaca tamén sobremaneira o recercado da parte superior dos ocos. Os toldos que protexen cada unha das portas da planta baixa ocultan en boa medida a singularidade ornamental deste fermoso edificio que polo demais conserva bastante a súa imaxe orixinal"

O artigo 73 da LOUG establece, (e de xeito similar o artigo 4.1.3. NN.UU do PXOM) que:

*1. En desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e especiais poderán redactarse estudos de detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxectivos:*

- a) Completar ou reaxusta-las aliñacións e as rasantes.*
- b) Ordena-los volumes edificables.*
- c) Concreta-las condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.*

*2. Os estudos de detalle en ningún caso poderán:*

- a) Altera-lo destino urbanístico do solo.*
- b) Incrementa-lo aproveitamento urbanístico.*
- c) Reducir ou modifica-las superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.*
- d) Preve-la apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.*
- e) Aumenta-la ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.*
- f) Parcela-lo solo.*
- g) Descoñecer ou infrinxi-las demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.*
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.*

O Estudio de Detalle presentado xustifica o seu axuste, en canto as súas determinacións e documentación, ao disposto no artigo 73 da LOUGA e artigos 65-66 do RPU. O mesmo desenvolve as determinacións do planeamento superior.

De acordo coa ficha que para a couzada, a núm. 10, contén o Plan Especial de Edificios a Conservar, as alturas permitidas no edificio son V plantas ( B+4)). Asemade, indícase na Ficha do edificio: " Se restituirá la planta baja remátándose una vez hecha la adición de la esquina con un ovoide" A altura correspondente a 5 plantas é de 18,50 m.

Nos edificios colindantes Velazquez Moreno Nº 8 están permitidas 5 plantas e en Marques de Valladares Nº 27, 5 plantas, aínda que o edificio ten actualmente VIII plantas. Na solución presentada a altura da cuberta se va adaptando ás alturas dos edificios colindantes, no caso do de Velázquez Moreno á altura da posible adición, resultando unha altura media na medianeira de 22m (inferior a  $18,5+4= 22,50$  altura correspondente a 5 plantas + altura da cumbreira da cuberta sobre aa cornixa).

No art 9.3.11.7 NN. UU PXOM indícase: “ en determinados casos, debidamente xustificados nos que, por razón dunha mellor adaptación ó ambiente en aplicación do contido do artigo 104 da Lei 9/2002, se considere conveniente proponer solucións de ocultación de medianerías de edificacións colindantes, cando estas superen notablemente a altura fixada no Plan Xeral e xeneran problemas estéticas, poderanse autorizar alturas superiores ás fixadas no punto 1 deste artigo que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin dun máximo de once ( 11) plantas”.” Considérase como altura mínima aquela que teña dous plantas ou seis metros menos ca altura máxima permitida”.

O edificio colindante na rúa Marqués de Valladares ten unha altura de 8 plantas, 3 plantas mais cas 5 permitidas no edificio colindante, polo tanto os volumes da cuberta se van pregando dende a altura da medianeira co edificio colindante na rúa Marqués de Valladares ata a medianeira co edificio da rúa Velázquez Moreno.

#### IV.- Documentación esixida

Para esta clase de instrumentos, o Art. 4.1.4 das NNUU do PXOM indica que deberán incluírse, como mínimo, os seguintes planos:

- a) Plano de situación no Termo Municipal.
- b) Plano parcelario axustado á actual delimitación das fincas existentes, Escala mínima 1:500.
- c) Planos de ordenación vixente, que reflectan a do Plan Xeral.
- d) Planos actualizados do estado dos terreos, da edificación, a vexetación e dos usos existentes, Escala 1:500
- e) Planos debidamente acoutados que reflectan con detalle a ordenación proposta, sinalando, como mínimo, as aliñacións e rasantes correspondentes á edificación e ó viario, Escala mínima 1:500.
- f) Cando se modifique a disposición de volumes deberá aportarse así mesmo un estudo comparativo da edificabilidade resultante por aplicación das determinacións previstas no Plan Xeral e das que se obteñen no Estudo de Detalle.

Ademáis, de acordo co previsto no Art. 66.1 do RPU, os Estudos de Detalle conterán tamén unha Memoria xustificada da súa conveniencia e da procedencia das solucións adoptadas.

No caso presente, a proposta de Estudio de Detalle presentado fórmulase ó abeiro e en desenvolvemento do PEEC e PXOM

#### V.- Procedemento de tramitación

Dispón o Art. 86.2 da LOUGA que os Estudos de Detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia e que, á vista dos resultado da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resultasen pertinentes.

Como queira que o edificio está catalogado, debe recabarse, según dispón o artigo 54 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, autorización sectorial preceptiva.<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> A autorización sectorial está condicionada pola Interpretación da Consellería de Cultura en canto á posibilidade de derrubas nos edificios catalogados no ámbito do PEEC. Remitiuse a interpretación municipal en sendas ocasións á Administración autonómica, na que en resumo se considera que o PXOM, no seu caso, as permite, seguindo sempre o procedemento descrito no propio PXOM.



#### V- Competencia

A competencia para aprobar inicialmente o Estudio de Detalle corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no Art. 127.1.d) da LRBRL, por proposta do Consello de Xerencia da XMU (Art. 10.1.b] e j] Estatutos XMU).

#### III.- PROPOSTA

Xa que logo, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte,

#### ACORDO

*PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no exp. Nº 3147.426, aprobar inicialmente o «ESTUDIO DE DETALLE do EDIFICIO do núm. 10 da rúa VELÁZQUEZ MORENO>>), promovido pola mercantil “Promociones Urbanas Laxas, S.L”, e redactado polos arquitectos D. Jesús Irisarri Castro e dona Guadalupe Piñera Manso.*

*SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, así como na sede electrónica do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).*

*TERCEIRO: Recabar informe da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en canto o edificio está incluído no catálogo do Plan especial de edificios a conservar.*

*CUARTO: Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite.*

En sesión do 18.07.14 o Consello da Xerencia municipal de Urbanismo toma coñecemento do anterior informe que remite á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **25(777).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.